En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10734**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da esixencia dunha terceira mostra para verificar os resultados favorables das analíticas feitas polo Intecmar para a apertura dos polígonos de mexillón do concello de Bueu e de Aldán, no concello de Cangas, as previsións do Goberno galego respecto da modificación do protocolo para peches cautelares e para a apertura dos polígonos de mexillón, así como os baremos que elixe no nivel de confianza, marxe de erro e tamaño mostral para facer o estudo da toxina”**, (publicada no BOPG número 137, do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“En relación a esta pregunta cabe lembrar a base legal en vigor:

- ➔ **Regulamento (CE) N° 854/2004**, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinado ao consumo humano.

No seu Anexo II, Capítulo II, Apartado C.2 establece que *‘no caso de que a autoridade competente peche unha zona de produción debido á presenza de plancto ou de niveis de toxina excesivos nos moluscos, farán falla, **alo menos** dous resultados consecutivos, separados por un mínimo de 48 horas, por debaixo dos límites regulamentarios, para reabrir a zona’*.

- ➔ **Decreto 27/2005, do 28 de xaneiro**, polo que se regula o control das biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

No seu artigo 7º establece que *‘cando tras un episodio tóxico, as concentracións de biotoxinas nos organismos mariños descendan a niveis inferiores aos establecidos e, a partir dos protocolos de actuación establecidos, **non exista risco para a saúde pública**, a Dirección do Centro autorizará a extracción nas zonas de produción afectadas’*.

Contestando polo miúdo as preguntas indicar que no caso concreto de Aldán e Bueu de mediados de xuño, o motivo polo que non se abriron os polígonos tras dous resultados consecutivos, separados por un mínimo de 48 horas, foi a detección de niveis de toxicidade moi próximos ao límite legal; no caso de Aldán nunha das mostras recollidas a unha altura da corda e no caso de Bueu en dúas das mostras recollidas a dúas alturas da corda.

Dado que o método analítico ten una incerteza entorno ao 20%, sería unha temeridade abrir unha zona de produción con eses valores, tanto dende o punto de vista da preservación da saúde pública, como dende o aspecto comercial do produto, xa que unha análise en destino podería dar resultados por encima do límite legal,

que implicaría alertas alimentarias e devolución da mercadoría, o que suporía un notable prexuízo para a empresa provedora e un desprestixio do mexillón galego, que afectaría a todo o sector.

Cabe salientar que o sector estivo debidamente informado, xa que estes feitos foron comunicados nas mensaxes do Servizo de Aviso Rápido enviadas por Intecmar o sábado 10 de xuño de 2017 ás 8:49 e o xoves 15 de xuño de 2017 ás 11:40.

En canto a se a Xunta ten pensado mudar o protocolo para peches cautelares como para a apertura do mexillón, dicir que non, salvo que futuras modificacións na lexislación impliquen reconsiderar algún cambio.

Por outra banda, o fenómeno das biotoxinas é un fenómeno natural e representa un risco para a saúde do consumidor. Hai que ter en conta que cando se produce un episodio de toxicidade nas rías cómpre extremar as precaucións co gallo de evitar que produto con toxina poida chegar ao consumidor; para iso as zonas de produción deben permanecer pechadas ata que os controis garantan que non existe risco para a saúde pública.

En canto aos baremos do nivel de confianza que escolle a Xunta, o INTECMAR é o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e en concreto o control das biotoxinas mariñas.

Como laboratorio oficial está acreditado pola ENAC, Entidade Nacional de Acreditación (Laboratorio de ensaio acreditado por ENAC con acreditación Nº 160/LE394) e emprega os métodos de referencia en vigor.

Un dos requisitos de ENAC para os métodos de ensaio é a validación dos métodos que inclúe, entre outros aspectos, a estimación da incerteza da medición (marxe de erro)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:47
Nº Rexistro: 17037
Data envío: 20/09/2017 16:47:45.333

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:47:41



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11041**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación co Plan de acción global contra os danos dos xabarís, a inclusión nel da posta e marcha dun plan de xestión e de manexo da especie que introduza medidas distintas e complementarias ás batidas, así como a aplicación que se está a facer do Plan de xestión do xabaril encargado á Universidade de Vigo no ano 2014 e o orzamentos destinado no período 2014-2017 para a súa posta e marcha.”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“No marco do plan de acción global contra os danos ocasionados polo xabaril, a Xunta de Galicia definiu unha metodoloxía común en toda a rede de estradas, elaborando, ademais, o estudo para a identificación das zonas de concentración de accidentes por atropelo de animais. Entre outras actuacións, estableceuse un procedemento de coordinación entre os principais axentes implicados para o seguimento continuo dos danos e puxéronse en marcha liñas de axudas específicas tanto para paliar os danos producidos por esta especie sobre os cultivos agrícolas como para medidas de prevención nas explotacións agrícolas. Ademais, revisáronse os Plans de Ordenación Cinexética, axustándoos á realidade do territorio en relación coa especie, e tomáronse medidas de mellora da xestión das zonas libres de caza e da xestión da especie en espazos naturais protexidos.

Entre outras medidas para a xestión da especie, contéplase a mellora da xestión do hábitat e dos terreos cinexéticos ordenados e a análise dos períodos hábiles para a caza do xabaril. Tamén se aposta por mellorar a xestión das zonas libres de caza e a xestión da especie dentro de espazos naturais protexidos. Ademais, contéplase o fomento de campañas fronte ao furtivismo, o estudo da interacción cos seus predadores naturais e o control e seguimento dos plans de ordenación cinexética e dos plans anuais de aproveitamento cinexético.

CVE-PREPAR: 93ec8300-8119-5411-3645-f0c7f6e766b9

Precisamente, o Plan de Xestión do Xabaril realizado pola Universidade de Vigo serviu de base para o establecemento das liñas de actuación que se están desenvolvendo.

En total, no período 2014-2017, lévanse investido nestas actuacións preto de 920.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16749
Data envío: 18/09/2017 15:31:35.830

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2017 15:31:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17137
Data envío: 21/09/2017 15:03:59.595

Data 21/09/2017 15:03

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 11085**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as intencións do Goberno galego referidas á realización das actuacións necesarias para acadar a implantación en Galicia do laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos, trala saída de Gran Bretaña da Unión Europea, a demanda ao Goberno central do seu compromiso coa candidatura galega, así como as xestións levadas a cabo e previstas para a consecución do nomeamento formal de Galicia como candidatura de España para o reasentamento dese laboratorio e a localización que está a valorar para a súa posible situación”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.07.2017- pola conselleira do Mar ao darlle resposta á pregunta 11333 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/a deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17137
Data envío: 21/09/2017 15:03:59.595

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:03:46



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a celebración do Día Mundial do Medio Ambiente levada a cabo o día 5 de xuño de 2017 no Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Con motivo do 25 aniversario do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas do Carregal e Vixán deseñáronse unha serie de actividades compatibles coa conservación deste espazo, que tiveron lugar nunha zona destinada ao uso público e que foron respectuosas coa contorna e totalmente compatibles coa conservación do espazo. En ningún caso, as actuacións desenvolvidas puxeron en perigo a salvagarda dos valores da biodiversidade e do patrimonio natural deste espazo natural protexido.

A organización desta xornada, que contou coa presenza de persoal técnico e de vixilancia para o seu normal desenvolvemento, constitúe unha actuación divulgativa máis do parque, dirixida polo órgano da administración autonómica que ten atribuída a xestión, conservación protección e promoción de dito espazo natural.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16748
Data envío: 18/09/2017 15:30:20.735

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2017 15:30:15



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11122**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao expediente de tramitación do Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente en marzo de 2014 polo Concello de Ares.”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Á aprobación inicial do PXOM de Ares realizada na data sinalada engádese a publicación o pasado 5 de xuño da memoria ambiental no Diario Oficial de Galicia (DOG), o derradeiro trámite ambiental. Polo tanto, e ao abeiro do procedemento para a aprobación do PXOM, o Concello tramitará a aprobación provisional do plan, correspondéndolle a competencia da aprobación definitiva á persoa titular da Consellería en materia de Urbanismo.

Tanto as alegacións presentadas durante o período de información pública como as decisións que se tomen ao respecto son competencia exclusiva do Concello, das que deberá dar traslado ao organismo autonómico logo da aprobación provisional e que formarán parte do expediente do PXOM para a tramitación da aprobación definitiva por parte da Consellería.

Considerando a data de aprobación inicial do PXOM, a disposición segunda indica que o Concello poderá seguir a tramitación ao abeiro da lei de 2002, aínda que o seu contido terá que adaptarse plenamente á vixente Lei do Solo de Galicia.

O derradeiro trámite relativo ao PXOM de Ares foi a memoria ambiental referente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, publicada no DOG en xuño.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16747
Data envío: 18/09/2017 15:30:06.704

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2017 15:29:57



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11245**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as consecuencias para os profesionais do sector da construción da baixada nun 10% do número de visados de obra en relación co ano 2007, as actuacións previstas polo Goberno galego para fomentar a participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos de arquitectura nos procesos de adxudicación de obra pública e os concursos de proxectos promovidos no ano 2016, así como os previstos para 2017, e como a necesidade de apoio pola Administración pública galega do aumento dos concursos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo.”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A baixada do número de visados tivo consecuencias, xa que a crise económica afectou dunha forma especial ao sector da construción. Ao longo destes anos a actividade dos profesionais de dito sector reduciuse, se ben, xa se percibe unha mellora evidente á que axudan as políticas aplicadas pola Xunta de Galicia.

De acordo co marco competencial desta Consellería, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aporta subvencións ao planeamento municipal e financia obras do Plan HURBE nos Concellos (proxectos de humanización, urbanización e equipamentos). No primeiro caso, é o Concello o órgano que contrata e no segundo, o financiamento ten lugar ben con convenios que se materializan por transferencia directa aos concellos, ou ben, por financiamento íntegro desta consellería, na que se contrata tanto a redacción do proxecto, a dirección da obra e a mesma obra.

Uns proxectos onde en moitas ocasións participan profesionais máis noveles, que, deste xeito, adquiren a experiencia demandada naqueles pregos de licitación que requiren dunha



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

solvencia técnica máis sólida. Unha dinámica que, como non pode ser doutro xeito, se pretende manter.

En todo caso, o Goberno galego ten como premisa básica para todas as súas intervencións, que os resultados sexan o máis satisfactorios posibles para o interese público e social.

No tocante aos concursos de ideas, nesta consellería é unha fórmula pola que se opta no caso de proxectos de grande envergadura tales como o foron os proxectos dos auditorios. Cómpre ter en conta que este mecanismo require dun marco temporal maior.

Os organismos da Administración en xeral, que teñen a obriga de tratar e defender o interese público, e deben optar en cada caso por elixir as fórmulas máis apropiadas e transparentes para xustificar os fins pretendidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16746
Data envío: 18/09/2017 15:29:51.376

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2017 15:29:46



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11312**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a autorización por Augas de Galicia das obras que se están a levar a cabo na canle do río Lagares ao seu paso pola parroquia viguesa de Cabral, as actuacións previstas para garantir o seu mantemento no seu curso natural e as súas intencións respecto da aplicación de medidas sancionadoras en caso de infracción”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Aguas de Galicia é coñecedora das obras realizadas no leito do río Lagares para a construción dun dique. De feito, estas actuacións están paralizadas desde o momento en que se recibiu a denuncia (xuño de 2017).

Con todo, cómpre subliñar que a parte das obras correspondentes á adecuación nas marxes do río e creación dunha senda teñen autorización de Augas de Galicia, de data 17 de setembro de 2015.

Como non pode ser doutro xeito, en caso de infraccións estudaranse as medidas sancionadoras a aplicar segundo a magnitude do dano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: cd210265-af57-90b4-0852-bce1d4099b71

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16744
Data envío: 18/09/2017 15:24:08.467

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2017 15:23:55



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2798**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Cesar Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“os intereses dos alumnos e das alumnas galegas á hora de solicitaren materias de libre configuración nos seus estudos.”**, (publicada no BOPG número 43 do 12 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 2.03.2017, ao darlle resposta á pregunta 2797 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16818
Data envío: 18/09/2017 16:19:55.223

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2017 16:19:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 16965
Data envío: 19/09/2017 16:46:05.673

Data 19/09/2017 16:45

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2911**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo sobre **“o estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales no Concello de Meaño.”**, (publicada no BOPG número 43 do 12 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta ás preguntas 460 e 461 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 16965
Data envío: 19/09/2017 16:46:05.673

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:46:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17192
Data envío: 21/09/2017 15:30:19.527

Data 21/09/2017 15:30

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 2933**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade dos problemas de saturación que se dan a miúdo nos servizos de urxencias nos centros hospitalarios”**, (publicada no BOPG número 43 do 12 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención urxente de pacientes leva consigo a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a ‘Triaxe’, que marca uns tempos de estándar de asistencia diferentes segundo un código de cores. Posteriormente en función desta selección, distribúense os pacientes entre as distintas áreas dos servizos de urxencias, sendo valorados polo facultativo en función dos niveis desta clasificación (Triaxe) e non segundo á hora de chegada ao servizo de urxencias.

O tempos de Triaxe no Servicio Galego de Saúde son mínimos, acadando en xaneiro de 2017 un tempo medio de 1 minuto e 48 segundos.

Os servizos de urxencias dos Hospitais Públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestructuras e equipamentos de calidade, e con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17192
Data envío: 21/09/2017 15:30:19.527

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:30:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:44
Nº Rexistro: 16962
Data envío: 19/09/2017 16:44:31.079

Data 19/09/2017 16:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2980**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento dos requisitos medioambientais necesarios no proxecto de instalación dun centro de xestión ambiental no concello de Lousame.”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión xa foi respondida na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 1 de decembro de 2016 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ao darlle contestación á pregunta 839, sobre similar tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:44
Nº Rexistro: 16962
Data envío: 19/09/2017 16:44:31.079

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:44:26



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2984**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da eficacia da política seguida nos oito últimos anos en materia de depuración e saneamento.”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A política en materia de depuración levada a cabo polo Goberno galego nos últimos oito anos demostrou ser eficaz. O resultado do esforzo inversor realizado pola Xunta pódese cuantificar no feito de que no ano 2009 o 70% das augas da comunidade galega eran de boa calidade e agora a cifra supera o 77%. Isto é, mellorouse en 7 puntos a calidade das masas de auga, o que implica, por exemplo, recuperar áreas de marisqueo.

En total, desde 2009 o Goberno galego investiu máis de 1.000 millóns de euros en actuacións orientadas a mellorar a calidade das augas. Deles, 600 foron investidos nas rías, o que demostra o compromiso deste Goberno co seu saneamento.

Ademais, neste período construíronse 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a máis de 1,7 millóns de persoas.

Actualmente, o Goberno galego traballa co obxectivo de que no horizonte 2020 toda a planificación do saneamento das rías estará concluída e a maior parte das infraestruturas estarán executadas e en servizo. Ademais, este impulso ao saneamento das rías galegas

coincidirá co remate da execución do Plan Hidrolóxico 2015-2020. Polo tanto, esta lexislatura será clave para acadar o obxectivo do saneamento integral das rías galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:44
Nº Rexistro: 16961
Data envío: 19/09/2017 16:44:21.844

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:44:17



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:44
Nº Rexistro: 16960
Data envío: 19/09/2017 16:44:10.829

Data 19/09/2017 16:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2985**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado medioambiental das rías galegas.”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao estado medioambiental das rías galegas, cómpre subliñar o esforzo realizado desde o 2009 neste eido polo Goberno galego. En total, investíronse máis de 1.000 millóns de euros neste período, dos que 600 foron para actuacións nas rías, o que demostra o compromiso deste Executivo co seu saneamento e coa mellora do seu estado medioambiental.

Este esforzo inversor permitiu mellorar a calidade das augas en sete puntos con respecto ao 2009. Así pasouse do 70% rexistrado hai 8 anos, ao 77% actual. Deste xeito, o Goberno galego ten avanzado moito nos últimos oito anos, aínda que queda camiño por percorrer e estanse poñendo as bases para acadalo.

En total, executáronse 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos e construíronse 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a máis de 1,7 millóns de persoas.

Actualmente, o Goberno galego traballa co obxectivo de que no horizonte 2020 toda a planificación do saneamento das rías estará concluída e a maior parte das infraestruturas estarán executadas e en servizo. Ademais, este impulso ao saneamento das rías galegas coincidirá co remate da execución do Plan Hidrolóxico 2015-2020.

paxina 1 de 2

Polo tanto, esta lexislatura será clave para acadar o obxectivo do saneamento integral das rías galegas. De feito, ao longo dos vindeiros catro anos, Augas de Galicia prevé mobilizar a maior parte do investimento previsto para completar a dotación de infraestruturas hidráulicas que permita acadar este obxectivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:44
Nº Rexistro: 16960
Data envío: 19/09/2017 16:44:10.829

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:44:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2986**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos oito anos en relación coa situación do tratamento de augas residuais de Santiago de Compostela.”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En relación a Santiago de Compostela, a Edar do Souto é unha actuación declarada de Interese Xeral do Estado e e a súa promoción corresponde ao Goberno central. Desde a Xunta de Galicia brindouse toda a colaboración posible para chegar a acordos que garantan a execución das obras, conscientes da necesidade de que Santiago conte cunha nova estación de depuración de augas residuais o antes posible. Neste senso, Augas de Galicia participará no cofinanciamento desta infraestrutura co Concello e co Goberno central.

Con anterioridade, executáronse medidas de mellora na planta actual, EDAR de Silvouta, cun investimento superior aos 4 millóns de euros. Estas actuacións, realizadas polo Ministerio co cofinanciamento de Augas de Galicia e do Concello, están xa rematadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:44
Nº Rexistro: 16959
Data envío: 19/09/2017 16:44:02.079

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:43:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17186
Data envío: 21/09/2017 15:27:18.182

Data 21/09/2017 15:27

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3075**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“a planificación do Sergas para evitar a situación de saturación nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios públicos”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención urxente de pacientes leva consigo a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a ‘Triaxe’, que marca uns tempos de estándar de asistencia diferentes segundo un código de cores. Posteriormente en función desta selección, distribúense os pacientes entre as distintas áreas dos servizos de urxencias, sendo valorados polo facultativo en función dos niveis desta clasificación (Triaxe) e non segundo á hora de chegada ao servizo de urxencias.

O tempos de Triaxe no Servicio Galego de Saúde son mínimos, acadando en xaneiro de 2017 un tempo medio de 1 minuto e 48 segundos.

Os servizos de urxencias dos Hospitais Públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestructuras e equipamentos de calidade, e con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17186
Data envío: 21/09/2017 15:27:18.182

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:27:13



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17185
Data envío: 21/09/2017 15:27:08.916

Data 21/09/2017 15:27

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3078**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para atallar a situación de saturación dos servizos de urxencias nos hospitais do Sergas”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención urxente de pacientes leva consigo a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a ‘Triaxe’, que marca uns tempos de estándar de asistencia diferentes segundo un código de cores. Posteriormente en función desta selección, distribúense os pacientes entre as distintas áreas dos servizos de urxencias, sendo valorados polo facultativo en función dos niveis desta clasificación (Triaxe) e non segundo á hora de chegada ao servizo de urxencias.

O tempos de Triaxe no Servicio Galego de Saúde son mínimos, acadando en xaneiro de 2017 un tempo medio de 1 minuto e 48 segundos.

Os servizos de urxencias dos Hospitais Públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestructuras e equipamentos de calidade, e con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17185
Data envío: 21/09/2017 15:27:08.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:27:03



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3224**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de introdución na lexislación vixente dun réxime de sancións para os casos de discriminación e vexación das persoas pola súa orientación sexual”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia condena calquera tipo de agresión física ou psicolóxica a persoas de calquera orientación sexual. E no que atinxe particularmente ás persoas LGTBI, a Xunta traballa pola concienciación social e a prevención da discriminación a estas persoas ao abeiro da Lei 2/2014 de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Deste tipo de actuacións xa deu conta o Goberno galego na resposta á iniciativa número 3227 do mesmo grupo parlamentario na sesión da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 9 de marzo de 2017.

Con independencia destas políticas de diversa tipoloxía, dirixidas a educación, sensibilización e modificación das condutas derivadas dos prexuízos por razón de identidade de xénero ou orientación sexual, as ferramentas para loitar contra os casos coñecidos ou denunciados pasan pola actuación decidida e eficaz das Forzas e Corpos de Seguridade.

Naqueles incidentes en que se apreciasen comportamentos típicos dun delito de odio, por motivos de discriminación pola identificación ou orientación sexual, o propio Ministerio do Interior ten un protocolo policial específico, que data do 14 de decembro do ano 2014, da Secretaría de Estado de Seguridade coñecido como 'Protocolo de actuación de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado ante los delitos de odio y conductas que vulneran las normas legales sobre discriminación'.

Por último, cómpre sinalar que as estatísticas elaboradas polo Ministerio do Interior, recollen os delitos de odio e, entre eles, os que afectan á igualdade de trato e non discriminación por razón de

orientación sexual e identidade de xénero. En Galicia, no ano 2015 e no 2016, rexistráronse un total de 14 feitos coñecidos como delitos de odio relacionados coa orientación ou identidade sexual.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17182
Data envío: 21/09/2017 15:25:56.087

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:25:51



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3306**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da evolución dos datos turísticos na Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do ano 2016”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 2016 foi un ano histórico para o turismo en Galicia.

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) publicados, o pasado ano 2016, Galicia acadou máximos históricos tanto no que se refire aos viaxeiros aloxados, rexistrando 4.324.822, como ás pernoitas, con 8.241.822.

A nosa comunidade incrementou, así, os niveis de viaxeiros e pernoitas rexistrados nos seus establecementos hoteleiros no ano 2015 nun 5,8% e 7,2%, respectivamente. É o cuarto ano consecutivo no que Galicia rexistra unha mellora dos seus niveis de demanda hoteleira.

En termos de mercado, o turismo internacional incrementou a súa cifra de viaxeiros aloxados nun 5,3% e as súas pernoitas nun 6,3% acadando en 2016 novos máximos históricos, con máis de 1.200.000 viaxeiros e máis de 1.900.000 pernoitas.

O mercado receptor nacional incrementou tamén as súas cifras de viaxeiros e pernoitas nun 5,5% e 7,5%, respectivamente, acadando, con máis de 4.000.000 pernoitas, o nivel de demanda máis elevado dende o último Xacobeo 2010.

Pola súa parte, o turismo interno incrementouse nun 7,6% no que se refire ás pernoitas e nun 7,0% aos viaxeiros rexistrando, con máis de 2.000.000 de pernoitas, a cifra máis elevada dos último seis anos.

A nivel territorial, a nosa comunidade rexistrou o pasado ano un comportamento positivo da demanda hoteleira en todas as provincias galegas, rexistrando Ourense e Pontevedra a porcentaxe máis elevada cun 12,6% e 12% de crecemento, respectivamente. Pola súa parte, A Coruña rexistrou un incremento do 3,8% e Lugo do 2,9%.

Os niveis de ocupación do sector hoteleiro en Galicia melloraron en relación ao ano 2015 en 2,3 puntos porcentuais, para situarse na cifra máis elevada dos últimos nove anos.

Tamén as tarifas hoteleiras e os niveis de rendibilidade subiron en Galicia no ano 2016, un 1,2% e 8% -RevPAR- respectivamente.

No ámbito do Camiño de Santiago o pasado ano 2016 bateu todos os récords ao superar a cifra histórica do último Ano Santo 2010 cun total de 278.232 peregrinos.”

